

CONCURSO

DE RELATO FOTOGRÁFICO

Dra. Susana Santeiro

EDICIÓN 2015

.....

Do 10 de decembro de 2015
ao 10 de xaneiro de 2016

.....

Casa das Artes

CONCELLO
DE VIGO



As Clínicas Dentais da Dra. Susana Santeiro son uns centros de especialidades odontolóxicas con máis de 25 anos de experiencia en Vigo.

Durante estes anos, temos colaborado de maneira asidua con diversas asociacións benéficas, para reverter á cidade unha parte de todo o que nos deu nestes anos. Agora nace con vocación de continuidade esta 1ª edición do "Concurso de Relato Fotográfico Dra. Susana Santeiro", coa que damos un paso máis para promover a cultura e a arte na nosa cidade.

Decidimos dende as Clínicas da Dra. Susana Santeiro facer un concurso de relato fotográfico, evitando os tradicionais certames de fotografía onde se premia unha única imaxe, nos abraiaba ir mais aló é facer un concurso, no que os autores facendo uso do medio fotográfico, contaran unha historia o que supón un maior compromiso coa creación fotográfica.



Lewis Hime: "Little spiner girl cotton mill"



Roger Fenton: "Wounded soldier crimea 1855"



Roger Fenton: "Colonel Brownrigg C.B. & the two Russian boys Alma & Inkermann"



Lewis Hime: "A typical cotton mill boy"

Imos contar Historias...

Dende as pinturas rupestres... a escultura, a literatura, a fotografía ou o cine a humanidade enche toda unha crónica composta de pequenos relatos que narran as diferentes épocas en que foron concibidas. A través destas historias coñecemos as súas xentes, as súas ansias, medos e como vivían e convivían entre eles, nas cidades, na paz, na guerra... todo un arquivo que se nos presenta de múltiples formas, tantas como individualidades posuímos os seres humanos á hora de narrar os feitos que acontecen.



Contar historias non se limita á transmisión oral, escrita, pintada... a fotografía non había de ser menos. Como medio de expresión que captura a realidade tamén adoita-dende o seu descubrimento- a presentala baixo diferentes prismas ó longo de douscentos anos escasos de vida.

A mediados do século XIX Roger Fenton fotografaba a guerra de Crimea. As súas non eran as primeiras imaxes dunha guerra pero si o primeiro fotógrafo en ser enviado especialmente para cubrir un conflito bélico. Son imaxes estáticas, aínda lonxe dunha implicación directa do fotógrafo co tema pero que é un dos puntos de partida da construción da reportaxe fotográfica.

Dende entón a fotografía ía evolucionar de moi diversas formas; dende Lewis Hine e a súa implicación por denunciar a explotación infantil nas primeiras décadas do século vinte en Norte América, ata a fotografía narrativa e apropiacionista de Jeff Wall nos anos oitenta, ou o actual auxe do fotolibro –concibido como obra de arte- que se fundamenta especialmente nun elaborado sistema de edición de imaxes no que se constrúe unha particular linguaxe visual que aborda diferentes temas da actualidade baixo a subxectividade de cada autor/a.

Esta “febre” do fotolibro, e polo tanto da narratividade fotográfica, parte esencialmente do novo paradigma que supuxo a obra “*Os americanos*” de Robert Frank nos anos cincuenta do século pasado. O autor, portador dunha beca Guggenheim percorreu Estados Unidos coa súa familia para tomar 27.000 instantáneas que culminarían no citado libro composto de tan só 83 fotografías. Esta minuciosa selección e edición había de durar meses e o resultado sería abafador; o conxunto deixaba entrever unha forma totalmente distinta de encararse coa realidade, mostrar as fendas dunha sociedade aparentemente opulenta con fortes desigualdades sociais na que o interese nacional estaba por riba do interese individual. En resumo, o traballo de Robert Frank deixou patente a necesidade de reformular un novo documentalismo no que o autor/a fose partícipe e crítico do que acontecía ante a súa cámara para non esquecer que a Historia se constrúe de múltiples formas, tantas como individuos se atreven a presentala. Dende entón está moi presente que a fotografía, e polo tanto, a serie/secuencia de diversas imaxes que pode ser lida como quen le un xornal, un libro... porque cada individuo constrúe á súa maneira unha linguaxe propia e intransferible para comprender mellor este mundo.

Rosa Neutro




CONCURSO

DE RELATO FOTOGRÁFICO

Dra. Susana Santeiro

EDICIÓN 2015



Casa das Artes

Policarpo Sanz, 15. Vigo

Do 4 de decembro de 2015
ao 10 de xaneiro de 2016

Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h

Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 18.00 a 21.00 h

Domingos e festivos: de 12.00 a 14.00 h

